

Na reunión da Comisión superior de persoal, continuación da Mesa xeral do día 26 de decembro, a Xunta presentou un documento único coa transposición do Acordo estatal de mellora de emprego e condicións laborais, criterios de desenvolvemento das OPEs, regulación da funcionarización voluntaria, e a aplicación dos fondos adicionais cos incrementos adicionais de todos os ámbitos sectoriais, e sinaladamente a dos incrementos do persoal da Administración xeral.

Froito da **restitución da negociación colectiva co II Acordo Estatal de mellora do Emprego**, levamos meses demandando un Acordo galego para recuperar emprego, dereitos e poder adquisitivo. Despois de moitos meses de demandas e reunións, o maior problema era a oferta da Xunta de incrementos adicionais vía carreira profesional, con exclusión de persoal laboral e interino da Administración xeral e unha duración para acadar o grao II de 8 ou 9 anos.

En materia de emprego non se atopan precedentes dun amplo proceso de provisión e selección destas características, para retornar a taxas de temporalidade menores o 7% en tres anos é un obxectivo realista e unha obriga nun servizo público de calidade, con taxa de reposición o 108% para novo acceso, ou a estabilización/consolidación de prazas en convocatorias únicas por concurso oposición e coa maior valoración legal dos servizos prestados na fase de concurso e probas tipo test na fase de oposición, así como a garantía de promoción interna separada cun mínimo do 40% do total de prazas de acceso libre e exención de probas ou/e gardar notas de probas superadas, e garantía de concurso de traslados con toma de posesión coordinada con ingreso por ofertas de novo acceso e estabilización/consolidación.

En materia de dereitos, os avances se concretan en recuperar o dereito o **100% das retribucións en IT**, abrir a negociación de **xornadas ponderadas para persoal con quendas, noites ou especial penosidade**, establecer unha **bolsa do 5%** de horas anuais recuperables **para conciliación** ou a **reducción do 50% da xornada** no primeiro tras a incorporación o posto de traballo despois de tratamentos de especial gravidade, así como recoñer a **aplicación da ampliación do permiso de paternidade** cando se estableza a nivel estatal calquera instrumento normativo, e finalmente, se **compromete o estudo e propostas nos supostos de xubilación parcial** cara a modificar a normativa estatal.

En materia de funcionarización de persoal laboral, dende **unha posición compartida de todas as organizacións sindicais** de avanzar cara un réxime xurídico único funcional, a esixencia da **voluntariedade e as garantías reguladas** centrou as nosas reivindicacións, recuperándose o **complemento salarial nin compensable nin absorbible** e a contía de laboral do **primeiro trienio** tras a funcionarización, que non se aplicaban dende 1989, así como garantías de modalidade de prestación de servizos, incorporación de oferta a **ampla maioría das categorías, valoración de servizos** a todos os efectos, e tendo en conta que é requisito legal para funcionarización superar unha proba selectiva, esta será con **temarios reducidos e batería de preguntas** para facilitar a preparación en materias diferentes a esixidas nas probas para acceder a laboral fixo.

No relativo a incrementos salariais adicionais, a primeira consideración e que non exclúe a ningún colectivo, e a segunda é que **se engade os incrementos fixos do 2,25+0,25% en 2019 e 2+1% en 2020**. Os **incrementos adicionais representan subidas adicionais do entorno do 2% por ano**, polo que se consolida e aumenta a recuperación gradual de poder adquisitivo prevista no II Acordo estatal. Os incrementos serán graduais, en 5 anos (B,C1, C2 e agrupacións profesionais) ou 7 anos (A1 e A2), en concepto de carreira extraordinaria nos grao I e II, e se enlazará co grao III ordinario quedando comprometida a súa negociación. O persoal interino ou temporal accederá o grao inicial e o grao I ordinario, e o persoal non funcionarizable por razón de funcións ou discontinuidade de servizos se garanten un incremento equivalente.

A proposta final da Xunta supón avances importantes e pode ser o Acordo de maior calado e transcendencia da Administración xeral, e así se recoñeceu por todas as partes que integran a Comisión superior de persoal, a petición de FeSP-UGT, non se agota a negociación de outras melloras como figurará na Acta e así se asumiu pola Xunta.

Hoxe se publica no BOE, o Real Decreto-ley 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público. As nóminas do persoal empregado público dependentes de todas as Administracións públicas e do sector público terán un incremento do 2,25 % dende o 1 de xaneiro, o que se engadirá o 0,25 de cumprise as previsións de crecemento, como así foi xa en 2018.

ACORDO DE OPES 2018-2020:

- **Méritos:** 35% servizos prestados, 5% cursos.
- **Promoción Interna:** separada, aumenta do 25 ao **40% mínimo**, as convocatorias eximirán dalgunha **das probas** selectivas esixidas en novo ingreso e se **gardarán notas** para as seguintes probas.
- **Buzóns:** se houbera algún erro se corrixirá.
- **Procesos:** en xeral concurso-oposición.
- **Consortio:** 1.200 postos a estabilización.
- **Concursos de traslados** con toma posesión coordinada con novo ingreso

ACORDO DE FUNCIONARIZACIÓN:

- **Incluír a ampla maioría das categorías** na única relación xurídica funcionarial. **RPT:** prazas de persoal funcionario, persoal laboral a extinguir que non se integre, ou funcionario interino.
- Será de **aplicación** a aquel persoal **laboral-fixo descontinuo** cuxo contrato se concertase para a realización de traballo durante un período **igual ou superior aos 9 meses ao ano**.
- **Funcionarización no posto que se ocupa**, o persoal fixo descontinuo de duración igual ou maior a 9 meses ao ano se funcionará no posto que ocupe, agás que teña titular definitivo, igual medida poderá proporse na comisión de seguimento para ocupantes sen posto definitivo.
- **Única lista de chamamentos, despois da 1ª ope de funcionarización**, puntuación **por igual** servizos prestados **funcionarial e laboral** na mesma categoría. Si fose necesario a creación nova lista será única computando por igual os servizos. As actuais vixentes ata a unificación.
- **Concursos/promoción: igual valoración** dos **servizos prestados** de laboral e funcionario.
- Na **Promoción interna** non esperar dous anos dende a funcionarización, e fomentarse a **promoción interna vertical cruzada** de laborais a postos funcionariais.
- **Garántese a prestación dos servizos** e manteranse as condicións en tanto non se acorden outras distintas.
- **Titulacións:** poderanse establecer os mecanismos para a **formación** necesaria.
- **Publicarase batería de preguntas. Temarios en xaneiro.**

- A maior parte dos procesos no 1º semestre 2019. Xaneiro remitirán prazas Política Social.
- Na fase concurso valorarase cursos **AFEDAP**.
- **O 1º trienio tras a funcionarización** aboarase na **contía laboral da que procede**.

ACORDO DE MELLORA DE EMPREGO:

- **Procesos de estabilización, consolidación e a maioría de acceso libre:** exames tipo test, unificadas convocatorias e órganos de selección.
- **Vacantes dunha convocatoria suman acumulan ás seguintes.**
- **Negociación Xornadas anuais inferiores** para persoal a quendas, nocturnidade ou penosidade. **Demandamos continuar a negociación de homologación de xornada anual efectiva con outras Administracións.**
- **Bolsa do 5% de horas anuais**, conciliación recuperable, acumulable xornadas completas.
- **Redución 50% de xornada** no primeiro mes de incorporación, tratamentos especial gravidade.
- **Restitución das retribucións o 100% en IT.**
- **Permiso paternidade de 16 semanas** con calquera instrumento normativo estatal.

SISTEMA DE CARREIRA

Ordinario e extraordinario, voluntario, consolidable e irreversible.

- **Sistema extraordinario para todo o persoal funcionario** e todo o persoal **laboral** que opte pola funcionarización no **primeiro trimestre de 2019**, con efectos económicos **1/xaneiro/ 2019**.
- **Complemento equivalente** para persoal laboral **non funcionarizable** por **discontinuidade** de servizos ou por **naturaleza de funcións**.
- O **persoal interino** e o laboral temporal poderá solicitar **no primeiro trimestre de 2019** o encadramento no **grao inicial** para poder adquirir o **grao I polo sistema ordinario**.
- No **segundo semestre do 2022 ou 2025** segundo proceda por grupo, convocarase o **grao III ordinario** para persoal con Grao II recoñecido e 17 anos de servizos.
- **Contemplase, no seis meses seguintes, o desenvolvemento do sistema ordinario.**

CONTIAS SISTEMA EXTRAORDINARIO DE CARREIRA PROFESIONAL

GRAO I		A1	A2		GRAO I	B	C1	C2	AGRUP.PR
	2019	805,32	554,32			839,65	600,00	541,68	371,52
	2020	1610,64	1108,64			1679,30	1200,00	1083,36	743,04
	2021	2440,36	1679,76		GRADO II	554,17	396,00	357,51	245,20
GRAO II	2022	610,09	419,94			1108,34	792,00	715,02	490,41
	2023	1220,18	839,88			1679,30	1200,00	1083,36	743,04
	2024	1830,27	1259,82		TOTAL 2023	3358,60	2400,00	2166,72	1486,08
	2025	2440,36	1679,76						
TOTAL 2025		4880,72	3359,52			5 ANOS			
	7 ANOS								

OPE 2018-2020

PROCESOS	2018	2019	2020	TOTAIS
Libre	502	525	550	1577
Estabilización	720	1330	900	2950
Consolidación	226			226
Promoción Interna	200	210	220	630
TOTAL PROCESOS	2224	2865	2470	7559
TOTAL ESTABILIZACIÓN + CONSOLIDACIÓN	3176			
TOTAL ESTABILIZACIÓN + CONSOLIDACIÓN + LIBRE	4753			
ACUMULACION OPE 2016	192			
ACUMULACIÓN OPE 2017	421			
TOTAIS OPE LIBRE ESTABILIDADE CONSOLIDACIÓN	5366			

Funcionarización	576	800	800	2176
-------------------------	-----	-----	-----	------